Os alumnos de 3º de ESO con Música de 2º pendente, deberán entregar un boletín de traballo ao Xefe de Departamento, especificado no Plan de Traballo correspondente que versará sempre sobre contidos teóricos do curso en cuestión con data antes do 1 de febreiro. Ese boletín é entregado polo docente nunha reunión con alumnos durante a primeira avaliación na que se lles da toda a información así como a posibilidade de titorías de seguimento durante as horas de Xefatura de Departamento na Aula de Música.

Ese boletín será avalido en canto á súa entrega, realización e corrección obténdose unha nota parcial de recuperación do 40%. A nota final e definitiva de recuperación virá determinada por unha proba teórica sobre os contidos do Boletín durante o mes de maio e que consistirá en dez preguntas extraídas dese material cun valor ponderado do 60%. En caso de decimais, aproximarase ao número enteiro máis cercano.

Os alumnos de 4º de ESO con Música de 2º e/ou 3º pendente deberán entregar un boletín de traballo ao Xefe de Departamento, especificado no Plan de Traballo correspondente que versará sempre sobre contidos teóricos do curso en cuestión con data antes do 1 de febreiro. Ese boletín é entregado polo docente nunha reunión con alumnos durante a primeira avaliación na que se lles da toda a información así como a posibilidade de titorías de seguimento durante as horas de Xefatura de Departamento na Aula de Música.

Ese boletín será avalido en canto á súa entrega, realización e corrección obténdose unha nota parcial de recuperación do 40%. A nota final e definitiva de recuperación virá determinada por unha proba teórica sobre os contidos do Boletín durante o mes de maio e que consistirá en dez preguntas extraídas dese material cun valor ponderado do 60%. En caso de decimais, aproximarase ao número enteiro máis cercano.

En todo caso, estas medidas serán reforzadas a través dunha liña de comunicación instaurada no centro na que se cubrirán uns informes con información de seguimento que se lle irá suministrando ás familias.

### **I..2. RECUPERACIÓN POR TRIMESTRES.**

O xeito de proceder cos alumnos que teñan algunha avaliación suspensa será a seguinte: Recuperacións durante a segunda avaliación: Os alumnos que teñan suspensa a primeira avaliación da materia de Música terán que superar unha serie de preguntas de recuperación de contidos teóricos que se realizarán xunto co primeiro parcial teórico da segunda avaliación. A avaliación da

parte práctica e actitudinal, ao entender estas como a adquisición dunha destreza, realizarase de xeito continuo durante todo o curso. En caso de decimais, aproximarase ao número enteiro máis cercano.

Recuperacións durante a terceira avaliación: Os alumnos que teñan suspensa a segunda avaliación da materia de Música terán que superar unha serie de preguntas de recuperación de contidos teóricos que se realizarán xunto co primeiro parcial teórico da terceira avaliación. A avaliación da parte práctica e actitudinal, ao entender estas como a adquisición dunha destreza, realizarase de xeito continuo durante todo o curso. En caso de decimais, aproximarase ao número enteiro máis cercano.

Recuperacións da terceira avaliación: A recuperación teórica da terceira avaliación farase en iguais termos que as anteriores e sempre antes do fin da actividade lectiva de xuño. En todo caso, a nota final do curso será a obtida mediante a media aritmética da nota de cada unha das tres avaliacións. En caso de decimais, aproximarase ao número enteiro máis cercano.

### I.3 PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.

Os alumnos cuxa nota final ordinaria de curso, despois das recuperacións, sexa inferior a "5", poderán presentarse á proba<sup>1</sup> de setembro do seguinte xeito:

1. Realización dunha proba teórica sobre os contidos estudados durante o curso e especificados no Plan de Traballo. (80%)
2. Realización dunha proba práctica que consistirá na interpretación dunha peza das traballadas durante o curso. (20 %). Esta parte pode estar convalidada en caso de tela superada de maneira ordinaria, valorándose nese caso o exame sobre o 100%.

En caso de decimais, aproximarase ao número enteiro máis cercano.

## **K. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

A Avaliación inicial realizarase en todos os cursos da Educación Secundaria. Levarase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade didáctica e terá unha función diagnóstica. Ten como obxectivo detectar os coñecementos previos ou competencias do alumnado de cara a materia que se estea a cursar.

No presente curso 2020/21 está previsto que se realice a principios de outubro, e a información recollida na mesma terá carácter cualitativo e orientativo.

---

<sup>1</sup>En todo caso esa proba versará sobre a totalidade da materia.

## L. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Primeiramente, e logo da avaliación inicial, poderemos ter unha descrición do grupo. Á hora de expor as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, tr, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

En canto ás necesidades individuais a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento achega do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, localización de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## M. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Dende a materia de Música, e tal e como se recollen nos cadros do apartado D.2. aparecen vinculados os Temas Transversais para cada un dos Estándares de Aprendizaxe recollidos. Reproducimos a continuación, a Lenda que os define nesas cadros:

|            |                                   |
|------------|-----------------------------------|
| <b>CL</b>  | <b>Comprensión lectora</b>        |
| <b>EOE</b> | <b>Expresión oral e escrita</b>   |
| <b>CA</b>  | <b>Comunicación audiovisual</b>   |
| <b>TIC</b> | <b>Tecnoloxías da información</b> |
| <b>EMP</b> | <b>Emprendemento</b>              |
| <b>EC</b>  | <b>Educación cívica</b>           |
| <b>PV</b>  | <b>Prevención da violencia</b>    |

### M1. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Todos aqueles Estándares de Aprendizaxe relacionados coa Competencia Dixital e que serán abordados tanto no emprego de ordenadores (Edixgal) como no deseño de actividades con editores de partituras e de audio (Musescore e Audacity), elaboración de presentacións, sonorización de imaxes e vídeos.

### M2. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A materia axuda ao desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro asumindo as súas premisas e aportando todos aqueles Estándares de Aprendizaxe relacionados con Competencia Social e Cívica e os Temas Transversais de Educación Cívica e Prevención da Violencia.

### M3. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

A Música é unha linguaxe concreta. As actividades de lectura musical e todas aquelas que versan sobre a anotación musical e o uso de partituras contribúen a este proxecto. A lectura en alto, con correcta dicción e comprensiva é outra das ferramentas a ter en conta en canto ó tema da comprensión lectora.

Medidas xa referidas como a importancia que se lle da á corrección ortográfica relacionanse directamente co tema da Expresión oral e escrita.

Ademais, o Departamento levará a cabo as medidas contempladas no proxecto de centro “Hora de ler” aportando sesións en cada curso para a súa realización.



## **N. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

En canto ás actividades extraescolares, para este curso o Departamento de Música, en consonancia coa situación sanitaria, non ten prevista ningunha pero propón as seguintes actividades complementarias:

- Visionado dalgunha película en cada un dos cursos que teña relación directa cos contidos traballados nese momento.
- Realización no centro de actividades de dinamización musical nas que participen todos os alumnos (carteis, concursos, murais,...)
- O Departamento de música programará sobre a marcha calquera actividade que xurdise que crea interesante para o alumnado.

## Ñ. MECANISMO DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CON RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Esta Programación Didáctica revisarase ao final de cada Avaliación en canto ao seu grao de cumprimento, adecuación e resultados obtidos nunha Acta específica para tal fin.  
En caso de detectar desfases a través da táboa inferior, tentarase corrixir poñendo sempre por diante a optimización do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a motivación do alumnado.

| 2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica<br>(Indicadores de logro) | Escala |   |   |   |
|---|--------|---|---|---|
|   | 1      | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?           |        |   |   |   |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?               |        |   |   |   |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?          |        |   |   |   |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?                                    |        |   |   |   |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?                          |        |   |   |   |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas                          |        |   |   |   |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?          |        |   |   |   |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?                      |        |   |   |   |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?                |        |   |   |   |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?                       |        |   |   |   |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?                      |        |   |   |   |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?                                 |        |   |   |   |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?                                      |        |   |   |   |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?        |        |   |   |   |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?             |        |   |   |   |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?                   |        |   |   |   |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?   |        |   |   |   |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.          |        |   |   |   |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación              |        |   |   |   |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?   |        |   |   |   |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?                             |        |   |   |   |
| 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?                      |        |   |   |   |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?                        |        |   |   |   |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?                        |        |   |   |   |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?          |        |   |   |   |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?               |        |   |   |   |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?            |        |   |   |   |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?       |        |   |   |   |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)       |        |   |   |   |
| 30.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso                                 |        |   |   |   |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?                             |        |   |   |   |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?   |        |   |   |   |

Observacións:

En Vilanova de Arousa, a 26 de outubro de 2020

## **O. ANEXO: MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ENSINO ONLINE E ADAPTACIÓNS Á SITUACIÓN DERIVADA DA COVID 19.**

A presente programación está pensada para unha ensinanza 100% presencial pero a experiencia do ano pasado obríganos a precisar, modificar ou implantar medidas e adaptacións para un posible ensino online de duración variable. Os seguintes puntos tentan dar resposta a esa casuística e modificarían os aspectos da PD aos que fan referencia.

### **O1. METODOLOXÍA A NIVEL PRÁCTICO E APRENDIZAXES PENDENTES NA MODALIDADE PRESENCIAL:**

A parte práctica na modalidade presencial cinguirase exclusivamente ao instrumental non de vento (Orff, piano, percusión, guitarras) deixando a un lado as frautas e a práctica vocal. Esta decisión obedece á imposibilidade de garantir a distancia de tres metros entre o alumnado dentro da Aula de Música para a súa realización. En todo caso, sí se poderán realizar exercicios con fruta e vocais a través das diferentes plataformas online que iremos compatibilizando durante a presencialidade.

En canto ás aprendizaxes pendentes do curso 2019/2020, botarase man dos informes AL035 para cada caso particular cubertos no mes de xuño. Durante o mes de outubro repasaranse os aspectos básicos e, aqueles Estándares de Aprendizaxe e Competencias imprescindibles que quedaran peor traballados incorporaríanse á programación do presente curso xa que o currículo da materia así o permite polo seu carácter acumulativo e profundizador.

### **O2. METODOLOXÍA ONLINE NO CASO DE CUARENTENA DO ALUMNADO:**

Para garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe, todo o alumnado terá acceso a unha plataforma online na cal poderán acceder a contidos e tarefas e poderán entregar os seus traballos e facer consultas ou resolver dúbidas. Esas plataformas estarán activas dende o inicio do curso o convivirán coa ensinanza presencial para testealas e verificar o seu acceso e coñecemento den de o primeiro momento.

Para 1º ESO e 2º ESO a plataforma online será Edixgal e para 3º ESO e 4º ESO empregaremos Gsuite (Classroom).

As actividades deberán ser acordes coa carga lectiva da materia e estar dispoñibles segundo o horario do curso para que non se produzan desfases. O mecanismo de comunicación entre docente e alumnado será sempre a mensaxería propia da plataforma ou o correo corporativo do centro ([\\*\\*\\*\\*\\*@iesfarodasluas.com](mailto:*****@iesfarodasluas.com)).

### **03. METODOLOXÍA ONLINE NO CASO DE CONFINAMENTO OU PECHE PROLONGADO:**

Para garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe, todo o alumnado terá acceso a unha plataforma online na cal poderán acceder a contidos e tarefas e poderán entregar os seus traballos e facer consultas ou resolver dúbidas. Esas plataformas estarán activas dende o inicio do curso o convivirán coa ensinanza presencial para testealas e verificar o seu acceso e coñecemento den de o primeiro momento.

Para 1º ESO e 2º ESO a plataforma online será Edixgal e para 3º ESO e 4º ESO empregaremos Gsuite (Classroom).

As actividades deberán ser acordes coa carga lectiva da materia e estar dispoñibles segundo o horario do curso para que non se produzan desfases. O mecanismo de comunicación entre docente e alumnado será sempre a mensaxería propia da plataforma ou o correo corporativo do centro ([\\*\\*\\*\\*\\*@iesfarodasluas.com](mailto:*****@iesfarodasluas.com)).

En calquera caso, de producirse ese confinamento total ou parcial (que afectara a un ou varios procesos de avaliación) adaptaríase a totalidade da programación e teríanse en conta os seguintes puntos:

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para cada curso.**

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 2º ESO

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.  | MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.   |
| B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).                               | MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.  |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.   |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.  |
| B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.   | MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.   |
| B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.  | MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.   |
| B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.  | MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.  |
| B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.   | MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.  |
| B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.  | MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.   |
| B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.   | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.   |
| B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.  | MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.  |



## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 3º ESO

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe  |
|--|--|
| B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).              | MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). |
| B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.  | MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.  |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.  |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.   |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.  |
| B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.   | MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.   |
| B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.   | MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.   |
| B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.  | MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.  |
| B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.  | MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.  |

|  |  |
|--|--|
| B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.   | MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.   |
| B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.   | MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.  |
| B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.  | MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. |
| B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.  | MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.  |
| B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais. | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.  |
| B4.2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.   | MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.   |



## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 4º ESO

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.                     | MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.            |
| B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos..  | MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.   |
| B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.   | MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.   |
| B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.   | MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. |
| B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias. | MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.   |
| B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.   | MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.   |
| B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.  | MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.   |
| B3.3. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras manifestacións artísticas.  | MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.   |
| B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.   | MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.  |
| B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música  | MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.  |





|  |   |
|--|---|
| ca popular urbana actual.  |   |
| B4.2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.              | MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.   |
| B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas. | MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. |
| B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.  | MUB4.5.1. Amona interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.  |

## 2. Avaliación e cualificación para tódolos cursos.

| Avaliación e cualificación  |  |
|---|--|
| <b>Avaliación</b>   | Procedementos: Observación directa na aula, revisión das tarefas feitas polo alumnado e probas específicas realizadas con anterioridade ao confinamento.   |
|   | Instrumentos: Para a observación directa na aula e a revisión de tarefas do alumnado: Listas de control, fichas de recollida de información, caderno do profesor, diario de clase.<br>Para as probas específicas: Exames tradicionais (orais, escrito e prácticos) e exames individuais da interpretación instrumental e vocal.  |
| <b>Cualificación final (dúas opcións en función das instrucións que recibamos no seu momento)</b> | <b>OPCIÓN 1:</b> <u>A cualificación final provisional de cada materia é a media aritmética (incluíndo decimais) das avaliaci3ns que puideron desenvolverse presencialmente. Na avaliación (ou avaliacións) en confinamento as tarefas terán natureza de repaso, reforzo e ampliación e serán de obrigada realización por parte de todo o alumnado xa que todas usaránse para realizar a media e a ponderación final. Terán carácter de recuperación e/ou subida de nota segundo os casos. Esta opción é a que adoptou a Consellería no curso pasado.</u><br>Cada tarefa será cualificada de 0 a 10 en función da súa realización, cumprimento en prazos, corrección e adecuación |



ás instrucións dadas. Unha tarefa non entregada cualifícase con 0. Unha tarefa entregada fóra de prazo sen causas xustificadas e que cumpra suficientemente as instrucións dadas puntuará cun 5. Si a razón do atraso é xustificada (cuestións importantes de índole persoal ou técnicas) cualificarase coma se fose entregada en prazo. Si unha tarefa funciona simplemente como test diagnóstico e non ten carácter avaliable será comunicado ao alumnado. A cualificación final provisional poderá ser modificada (sempre á alza, nunca resta), en función do traballo desenvolvido durante o período de excepcionalidade cunha nota final que é a media de todas as tarefas propostas en base á seguinte táboa:

| Media de todas as tarefas do período | Incremento á cualificación final provisional |
|--------------------------------------|--|
| Desde 8'5 a 10                       | 1 punto                                      |
| Desde 7 a 8'4.                       | 0,9 puntos                                   |
| Desde 5'5 a 6'9                      | 0,7 puntos                                   |
| Desde 4'5 a 5'4                      | 0,5 puntos                                   |
| Desde 3 a 4'4.                       | 0,3 puntos                                   |
| Desde 1'5 a 2'9                      | 0,2 puntos                                   |
| Desde 0 a 1'4.                       | 0 puntos                                     |

A nota final definitiva será a suma do resultado da táboa á cualificación final provisional. En caso de decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo neste momento. Para superar o curso a nota final definitiva, unha vez realizada a aproximación, deberá ser igual ou superior a 5.

**Exemplo:**

Alumno/a con un 3 e un 6 en dúas avaliacións presenciais. A súa nota media provisional sería un 4'5 (nesta parte do proceso non se redondea). En canto á realización das tarefas durante este período a súa nota media é un 7'2. Iso quere dicir, segundo a táboa, que á súa 4'5 súmaselle un 1'25. Isto dá unha nota final de 5'75 que, co redondeo correspondente, quedaría nun 6 como nota definitiva.

No caso de que un alumno/a non realice ningunha das tarefas do período non existiría incremento de nota e a súa nota definitiva sería a media das dúas primeiras avaliacións SEN redondeo ao número enteiro máis próximo; é dicir, un 4'5 sería un 4 ou un 2'8 sería un 2.

**OPCIÓN 2:** A cualificación final é a media aritmética de tódalas avaliacións seguindo a programación presencial. Na avaliación (ou avaliacións) en confinamento as tarefas terán natureza de repaso, reforzo e ampliación e serán de obrigada realización por parte de todo o alumnado xa que todas usaranse para calcular a nota da avaliación. Nesta opción a nota final de curso é a media das tres avaliacións con independencia de que sexan presenciais ou online.

Para acadar a nota final dunha avaliación online, cada tarefa será cualificada de 0 a 10 en función da súa realización, cumprimento en prazos, corrección e adecuación ás instrucións dadas. Unha tarefa non entregada cualifícase con 0. Unha tarefa entregada fóra de prazo sen causas xustificadas e que cumpra suficientemente as instrucións dadas puntúa cun 5. Si a razón do é xustificada (cuestións importantes de índole persoal ou técnicas) cualificarase coma se fose entregada en prazo. Si unha tarefa funciona simplemente como test diagnóstico e non ten carácter avaliable será comunicado ao alumnado.

A cualificación final da avaliación é a media de todas as tarefas propostas en base á seguinte atraso táboa:

| Media de todas as tarefas do período | NOTA NA AVALIACIÓN |
|--------------------------------------|--------------------|
| Desde 9,5 a 10                       | 10                 |
| Desde 8,5 a 9´4.                     | 9                  |
| Desde 7´5 a 8´4                      | 8                  |
| Desde 6´5 a 7´4                      | 7                  |
| Desde 5,5 a 6´4.                     | 6                  |
| Desde 4´5 a 5´4                      | 5                  |
| Desde 3,5 a 4´4.                     | 4                  |
| Desde 2,5 a 3,4                      | 3                  |
| Desde 1,5 a 2,4                      | 2                  |
| Desde 0,5 a 1,4                      | 1                  |
| Desde 0 a 0,4                        | 1                  |

A nota final definitiva do curso será a media das tres avaliacións. En caso de decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo neste momento. Para superar o curso a nota final definitiva, unha vez realizada a aproximación, deberá ser igual ou superior a 4,5.

|  |  |
|--|--|
| <p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p> | <p>O alumnado que, unha vez realizados os cálculos, obteña unha nota inferior a 5 deberá presentarse ao exame extraordinario de setembro co total da materia nos termos adaptados que se recollen na Programación de principios de curso:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. <i>Realización dunha proba teórica sobre os contidos estudados durante o curso e especificados no Plan de Traballo. (80%)</i></li> <li>2. <i>Realización dunha proba práctica que consistirá na interpretación dunha peza das traballadas durante o curso. (20 %). Esta parte pode estar convalidada en caso de tela superada de maneira ordinaria, valorándose nese caso o exame sobre o 100%.</i></li> </ol> <p><i>En caso de decimais, aproximarase ao número enteiro máis cercano.</i></p>   |
| <p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>     | <p>Criterios de avaliación: Revisión de tarefas realizadas e probas específicas. O alumnado coa materia de Música pendente recibirá en man un boletín de traballo que deberá entregar feito no mes de febreiro. Recibirá un segundo boletín de traballo, que se remite a través do seu correo persoal do <i>iesfarodaslus.com</i> no caso de que esteamos confinados (o mesmo pasaría se ese feito acontece durante a entrega do primeiro boletín), que deberá entregar feito antes do 8 de xuño de 2020 como substitución do exame programado de maio no caso de que este non se poda celebrar.</p> <p>Criterios de cualificación: O primeiro boletín ten un peso específico do 40% mentres que o boletín substitutivo do exame supón o 60% restante. Se o exame se pode celebrar mantén o seu peso específico do 60%.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Os procedementos son a revisión das tarefas feitas polo alumnado e probas específicas. En canto ós instrumentos de avaliación contémpanse as fichas de recollida de información, o caderno do profesor, diario de clase.</p> <p>Para as probas específicas: Exames tradicionais (orais, escrito e prácticos) e exames individuais da interpretación instrumental e vocal.</p> |

### 3. Metodoloxía e actividades do periodo de confinamento (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

| <b>Metodoloxía e actividades de periodos de confinamento (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |  |
|---|--|
| <b>Actividades</b>  | <p>As tarefas terán natureza de repaso, reforzo e ampliación e serán de obrigada realización por parte de todo o alumnado xa que todas usaranse para realizar a media e a ponderación explicada no epígrafe anterior. As tarefas de repaso e reforzo terán tamén a función de recuperación en caso de avaliacións anteriores suspensas. En todo caso, todo o alumnado cunha avaliación suspensa fará un exame de recuperación e, de non ser posible, recibirá pola plataforma online correspondente (ou correo corporativo) un boletín de traballo e indicacións para a súa recuperación que deberá devolver feito por ese mesmo medio cun prazo fixado.</p> <p>A periodicidade das tarefas será, con carácter xeral, semanal ou quincenal (nas materias cunha carga lectiva dunha sesión semanal ou pola complexidade da actividade programada) e sempre se informará inequivocamente do prazo de realización no momento de comunicalas. No caso da tarefa de práctica instrumental, que será avaliada con rexistro audiovisual (sen mostrar a identidade física do alumnado) en 2º e 3º de ESO, o prazo de entrega será máis amplo.</p>  |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>   | <p>O seguimento da materia realizarase a través da plataforma Edixgal en 1º e 2º e da plataforma <i>Classroom</i> en 3º e 4º (á que se accede tras invitación cursada aos correos corporativos do <i>iesfarodasluas.com</i> de todo o alumnado).</p> <p>Todas as comunicacións entre o alumnado e o profesor realizaranse a través das mensaxes públicas e privadas de Edixgal e do <i>Classroom</i> e o correo corporativo. A entrega de tarefas por parte do alumnado será sempre, con carácter xeral, a través da interfaz de Edixgal e de <i>Classroom</i> e en formato dixital (PDF preferiblemente) ou a man cunha fotografía lexible. A resolución de dúbidas e comentarios sobre a materia tamén se realizará a través da plataforma para favorecer a interacción. A resolución de aspectos técnicos ou cuestións extraacadémicas poderanse comunicar a través do correo corporativo do <i>iesfarodasluas.com</i>.</p> <p>Para o alumnado sen conectividade detectado pero que ten acceso a un teléfono móbil con conexión, as tarefas serán enviadas pola app móbil de <i>Classroom</i> e poderá devolvelas feitas a man mediante fotografía por ese mesmo medio.</p> <p>Para o alumnado sen conectividade detectado sen móbil con conexión, as tarefas estarán á súa disposición para ser impresas no centro. Terán que ser recollidas, realizadas e devoltas para que queden en custodia no propio centro e logo remitidas escaneadas ao profesor da materia.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b>   | <p>Os materiais serán facilitados a través de Edixgal e de <i>Classroom</i> e/ou correo electrónico. A súa natureza será de toda índole: Apuntes, esquemas, enlaces audiovisuais (Prensa, reportaxes, páxinas web específicas, video-tutoriais, recursos de EducaPlay, YouTube...). O material básico é un ordenador ou móbil con acceso a Internet e a fruta doce para a tarefa de avaliación práctica de</p>   |

#### 4. Información e publicidade.

| Información e publicidade                                  |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias e Publicidade</b> | Esta programación así como as Normas Específicas da Aula de Música estarán colgadas no apartado do Departamento de Música da páxina web do centro para a súa consulta. Ademais, os aspectos básicos de metodoloxía, material, normas, criterios e ferramentas de avaliación serán publicitados ao alumnado durante os primeiros días de clase. |

### O1. NORMAS XERAIS E ESPECÍFICAS DA AULA DE MÚSICA.

Como complemento a esta PD, e pola importancia que ten, inclúo as normas xerais e específicas da Aula de Música para o presente curso elaboradas por este Departamento. Estas normas serán comunicadas a todo o alumnado durante os primeiros días de clase e estarán dispoñibles para a súa consulta no apartado correspondente do Departamento dentro da páxina web do centro.

# NORMAS DA AULA DE MÚSICA

## IES FARO DAS LÚAS

### CURSO 2020/2021

ELABORADAS A PARTIRES DA RESOLUCIÓN CONXUNTA DAS CONSELLERÍAS DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E DE SANIDADE QUE APROBAN AS INSTRUCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓNS COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSELLO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G Nº 174 BIS DO 28-08- 2020) E DA ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021

#### NORMAS XERAIS:

---

1. Tódolos postos do alumnado (20, polas dimensións reais da Aula de Música) estarán a unha distancia de **1,5 metros** medidos dende o centro de cada unha das cadeira de pala en relación ás que as rodean. Nesta distribución está incluída a cadeira do profesor.
2. Nos casos de utilización de instrumentos de vento (fruta) ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a **3 metros<sup>2</sup>**.
3. A **máscara** será obrigatoria en todo momento, adecuadamente colocada, agás nos casos especificados no punto 2.
4. Nunha zona próxima á porta da Aula de Música, colocarase un **dispensador de xel hidroalcohólico** de uso obrigado ao entrar e saír por tratarse dunha aula de uso máis compartido.
5. Realizaranse tarefas de **ventilación** frecuente na Aula de Música ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases e, cando sexa posible, entre clases sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

#### NORMAS ESPECÍFICAS:

---

1. Para manter a distancia entre os postos do alumnado haberá unhas pequenas **marcas** en vermello no chan que o alumnado, coa supervisión do docente, deberá verificar ao entrar e ao saír e manter durante toda a hora de clase.
2. Todo o material da Aula (instrumental, ordenador, encerado, libros...) estará situado nunha **zona delimitada** cunha liña vermella e á cal só terá acceso e capacidade de xestión o propio docente.
3. Tódolos postos estarán **numerados** do 1 ao 20 de esquerda a dereita e de adiante a atrás. O alumnado manterá o mesmo posto durante un trimestre. A asignación de postos será feita de maneira aleatoria (por sorteo) coas posibles correccións derivadas de cuestións físicas ou pedagóxicas detectadas antes ou na Avaliación Inicial.

---

2 Sempre e cando o espazo da Aula e o número de alumnado do grupo así o permita. Se non é posible acadar esa distancia de obrigado cumprimento, non se realizará práctica de fruta ou de canto na modalidade presencial.

4. Unha vez asignados e cofecidos os postos, e para **evitar aglomeracións**, o alumnado deberá entrar sempre na Aula de Música ocupando primeiramente os últimos postos, mantendo as distancias e seguindo o traxecto máis curto posible. Na saída o proceso será o mesmo pero saíndo, en primeiro lugar, os postos que estean máis preto da porta.
5. No caso de **alumnado zurdo**, haberá un número fixo de postos adaptados. No caso de que nunha aula o número dese alumnado sexa maior aos postos fixos haberá cadeiras dispoñibles para a súa colocación ao inicio da clase. Á finalización da mesma deberán deixar a Aula como estaba para o seguinte grupo.
6. Cada alumno/a farase responsable de **limpar a pala da cadeira ao entrares** na Aula e antes do comezo da clase, baixo a supervisión do docente e empregando os produtos necesarios dos que disporá a Aula (desinfectante, rolo de papel ou panos dun só uso, principalmente). Non será necesario facer esta tarefa á primeira hora de cada mañá xa que o mobiliario estará desinfectado previamente polo servizo de limpeza do Centro.
7. No caso de empregar o **instrumental compartido** (percusión, láminas, baquetas, guitarras, piano...) farase sempre co permiso e supervisión do docente e haberá desinfectante en aerosol para aplicar antes e despois do seu uso. Esta tarefa será realizada polo docente e o alumnado participante en aras á colaboración e concienciación de todos.
8. O alumnado deberá acceder á Aula de Música con **todo o material** dentro dunha mochila pechada. Non se debe deixar nada na aula de referencia xa que deberá quedar aberta para realizar tarefas de ventilación. Se a clase é **a primeira hora** de cada franxa horaria (de 9:00 a 9:50 ou de 16:30 a 17:20) o alumnado deberá **agardar na súa aula de referencia** sen abrir as mochilas para que sexa o docente o que realice o acompañamento.
9. No caso de realizar un exercicio vocal ou coa fruta o alumnado deberá ter unha **bolsa ou estoxo** adecuado no cal poder gardar a máscara.
10. No interior da Aula, ademais das **papeleiras** de reciclaxe de papel e plástico, haberá outra con pedal para material orgánico. En relación a isto último é preciso lembrar que **non está permitido comer nin beber na Aula**. Permítese o consumo de auga, previo permiso, en casos moi xustificados.
11. Haberá **carteis informativos** na entrada e no interior da Aula recordando as normas básicas deste documento así coma un acceso directo ao documento completo no sitio habilitado do Departamento de Música na páxina web do centro.
12. Ó longo do curso **poderanse modificar, eliminar ou engadir novas normas** en función das circunstancias e das situacións concretas sempre coa correspondente publicidade ante tódolos membros da comunidade educativa afectados.

**O Xefe de Departamento**  
**Carlos Rodríguez Torres**

versión 30/09/2020

